



13521375255523044710

En contestación á petición de data 12 de xaneiro, relativa a “ Parque Tecnolóxico de Galicia.” ,indicarlle que con relación ao publicado polo Xornal La Región en data 3 de xaneiro de 2021 sobre a xestión da Tecnópole significar que o 12 de decembro de 2020 non entreguei informe algún ao Presidente da Xunta de Galicia.

Con data 16 de decembro de 2020 reuníme co Presidente da Xunta de Galicia en San Caetano e fíxenlle chegar unha serie de propostas en relación coa Tecnópole na liña do anunciado no Debate sobre o Estado da Provincia celebrado o 17 de novembro de 2020, en concreto a medida anunciada de “maior protagonismo da Deputación e do Inorde en Tecnópole”.

Ditas propostas están sendo avaliadas polo Goberno autonómico e teñen o carácter de confidenciais no seu conxunto, agás posicionamentos concretos como os facilitados aos xornalistas que elaboraron esa información.

Lémbrolle que, de acordo cos termos previstos no artigo 16.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e no artigo 227 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, todos os membros da Corporación Provincial deben gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente, das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se encontren pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que se lles poida facilitar, en orixinal ou copia, para o seu estudo

Ourense, 15 de xaneiro de 2021.

O PRESIDENTE



José Manuel Baltar Blanco.

RAFAEL RODRIGUEZ VILLARINO, deputado provincial do Grupo PSdeG-PSOE.

Grupo de PSdeG-PSOE.- Deputación Provincial de Ourense.